



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

Curso 2022/23

PROFESORA	MATERIA	NIVEL
Beatriz García Caneda	Filosofía	4º ESO



- 1. ÍNDICE**
- 2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**
- 3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**
- 4. OBXECTIVOS**
- 5. ESTÁNDARES AVALIABLES**
- 6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS**
- 7. MATERIAIS, FERRAMENTAS E RECURSOS DIDÁCTICOS**
- 8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**
- 9. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**
- 10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**
- 11. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**
- 12. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS**
- 13. PLAN DE ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN**
- 14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- 15. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**
- 16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**
- 17. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**
- 18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR**
- 19. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**



2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2.1. Introducción

A materia de Filosofía de cuarto curso de ESO ten como unha das súas finalidades contribuír a dotar o alumnado dunha capacidade básica de comprensión. Esta capacidade, arrancando da propia experiencia humana, das vivencias, das inquedanzas e dos interrogantes que ela mesma suscita, debe catapultar o alumnado ao limiar dunha capacidade de crítica, de argumentación e síntese que, ademais da súa exemplificación filosófica, poida servirille para desenvolverse como persoa e como cidadán ou cidadá, entendendo a radicalidade do saber filosófico como ferramenta de transformación e cambio.

A comprensión de si mesmo/a e do mundo en que se vive, sen esquecer a súa vertente histórica, responde á dimensión teórica da filosofía como "preguntar radical" mediante a procura e tratamento dos grandes interrogantes filosóficos. Xunto a iso, a materia debe proxectar unha dimensión práctica, incidindo basicamente no fomento dunha actitude reflexiva e crítica que non acepte nada preconcebido, e dunha capacidade de pensar que, a través da mediación dialóxica, sexa capaz de argumentar de forma coherente e lóxica. O alumnado, deste xeito, deberá integrar coherentemente as súas ideas e as súas crenzas, someténdoo á crítica e á visión doutras persoas para ser quen de alcanzar un pensamento autónomo que integre os seus coñecementos e os seus valores, comprendendo a particularidade da filosofía como saber radical e global.

Con este tratamento, que permite integrar nunha visión de conxunto a gran diversidade de saberes, capacidades e valores, a filosofía eríxese nunha ferramenta moi interesante para contribuír ao logro das máis importantes expectativas descritas nas competencias clave. É patente que as competencias clave deben estar perfectamente integradas nas propostas curriculares das áreas e materias, para desenvolver, de forma coherente e precisa, os resultados da aprendizaxe que o alumnado debe conseguir. Neste sentido, esta materia, dentro da implicación das competencias clave no sistema educativo español, pode contribuír a desenvolver especialmente as seguintes competencias: comunicación lingüística, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, e conciencia e expresións culturais. Cómpre valorarse que, dun xeito nomeadamente salientable, a materia no seu conxunto debe motivar o alumnado para aprender a aprender, competencia basal para a adquisición do amor ao saber, o que constitúe un eixe paradigmático para afrontar a vida e o mundo, dotando o alumno ou a alumna de valiosos apeiros para, desde a iniciativa persoal, formalo como persoa.

Unha metodoloxía centrada e fundamentada nas competencias clave debe supor novos retos e, especialmente, importantes cambios na forma de entender a concepción do proceso de ensino e aprendizaxe, así como cambios na propia cultura escolar en xeral. Non só se fai necesaria unha estreita vinculación do profesorado no desenvolvemento curricular senón tamén transcendentos cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensino. A avaliación das competencias require o concurso de estratexias e instrumentos para avaliar o alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Camino Real s/n
15570 Narón (A Coruña)
Tif.: 881.938.159 Fax: 81.938.170
e-mail: ies.terra.trasancos@edu.xunta.es
web:
www.edu.xunta.es/centros/iesterratrasancos

coñecementos, as destrezas, os valores e as actitudes. E cómpre non esquecer, desde logo, a flexibilidade e a variabilidade nos procedementos de avaliación como parte inherente ao entendemento da avaliación como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe e, ao cabo, como un utensilio clave para mellorar a calidade da educación. Neste sentido, estratexias como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión activa e desde a posta en práctica das dificultades e as fortalezas do alumnado, tendo o conta o horizonte de participación dos compañeiros e das compañeiras, e desde a colaboración do profesorado na regulación do proceso de ensino e aprendizaxe.

A materia estrutúrase en seis bloques: “A filosofía”, “Identidade persoal”, “Socialización”, “Pensamento”, “Realidade e metafísica” e Transformación”. Pode entenderse, dun xeito escolar, que estes bloques representan globalmente un equilibrio, xa que tres deles responden a unha dimensión marcadamente teórica (filosofía, pensamento, realidade e metafísica), mentres os outros tres acentúan máis a vertente práctica da reflexión filosófica (identidade persoal, socialización e transformación). Co desenvolvemento destes bloques o alumnado debe ser quen, a través da internalización, a asimilación e a consecución das competencias clave, de adquirir unhas destrezas teórico-prácticas basais para o avance e a mellora no eido persoal e na interacción social, adquirindo, ao tempo, unha visión filosófica e cultural en xeral.



2.2.Contextualización

a) O Instituto de Ensino Secundario Terra de Trasancos é un centro do Concello de Narón de titularidade pública.

O centro atópase no Camiño Real S/N. No entorno atopamos un polígono onde se desenvolven actividades de tipo industrial, comercial e empresarial.

O nivel socioeconómico das familias é principalmente de clase obreira ou clase media/baixa. No contorno máis inmediato ó centro podemos atopar, cara ó norte e ó leste edificacións de grande volume adicadas como xa se indicou antes a actividades de tipo industrial, comercial e empresarial. Cara ó sur e o leste atopamos vivendas unifamiliares, e, nun contorno máis lonxano vivendas plurifamiliares. Ademais, inmediatos ó centro, atopamos o IES As Telleiras e o polideportivo municipal de As Lagoas.

O acceso principal ó centro resólvese dende a Estrada de Cedeira.

A distancia do IES ós núcleos urbanos do concello, así como a procedencia dos alumnos fai que estes accedan na súa práctica totalidade a este en transporte escolar, e, no caso dos alumnos de ciclos en transporte privado cando o seu horario lectivo non coincide co do resto dos alumnos.

Este feito supón un condicionante extremo na actividade do centro pois, na práctica, o desenvolvemento de calquera actividade fóra do horario lectivo implica o desprazamento dos participantes polos seus propios medios sen que exista nin sequera transporte colectivo público nas cercanías.



b) Modelo lingüístico.

O idioma oficial empregado no centro é o galego. Emprégase en tódalas comunicacións, circulares e escritos. En canto ó idioma empregado nas clases, é parello entre o galego e o castelán, axustándose en todo caso ó prescrito na normativa lingüística sobre o uso do galego no ensino.

O idioma empregado polo profesorado nas súas relacións persoais é indistintamente galego ou castelán, sen que se aprecie preponderancia no uso dalgún deles.

c) Datos relacionados co alumnado e coas familias:

1) Etapas e niveis de ensinanza.

O centro imparte ensinanzas de:

1.a) Educación secundaria obrigatoria (ESO)

1.b) Bacharelato. As modalidades impartidas son o Científico Tecnolóxico e o de Humanidades e Ciencias sociais.

1.c) Ciclos de grao medio:

- Xestión administrativa. Pertence á familia profesional de administración. Ten unha duración de 2000 horas repartidas en dous cursos académicos.

1.d) Ciclos de grao superior.

- Administración e Finanzas. Pertence á familia profesional de administración. Ten unha duración de 2000 horas repartidas en dous cursos académicos.

1.e)FPBÁSICA de Electricidade e Electrónica.

1.f)FPBÁSICA de Servizos Administrativos.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Tal e como se describe a LOMCE, todas as áreas o materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

1. **Comunicación lingüística.** Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia: O alumnado debe expresarse adecuadamente nos comentarios e a corrección das actividades e, especialmente, no debates sobre exposición de causas de conflitos. Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: respectando as quendas establecidas pola profesora. Comprender o sentido dos textos orais e escritos: Lectura dos textos de cada unidade e as súas correspondentes actividades.



2. **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.** Na medida en que a filosofía foi historicamente a nai de diferentes disciplinas científicas, e que tamén abordou cuestións como a estrutura do coñecemento científico e das consecuencias da tecnoloxía para a vida humana, esta competencia é crucial neste proxecto. Ademais, a lóxica, como disciplina que vincula filosofía e matemática, recibiu un coidadoso tratamento nunha unidade específica.
3. **Competencia dixital.** A competencia dixital trabállase fundamentalmente mediante a análise de produtos audiovisuais, películas en especial, que tratan temas que podemos vincular coas cuestións desenvolvidas en cada unidade.
4. **Aprender a aprender.** Foméntase a autonomía dos estudantes e o seu desenvolvemento como aprendices capaces de xerar novo coñecemento a partir dos contidos impartidos en clase. Así mesmo, en clase pódense traballar actividades orientadas a crear hábitos de esquematización, resumo e definición, que son básicos para posibilitar a autonomía no estudo.
5. **Competencias sociais e cívicas.** A función social da filosofía e a súa vinculación coa teoría da sociedade implican que a reflexión sobre os valores sociais e morais, os hábitos, etc., sexan parte do labor filosófico. Por unha banda, tentamos presentar nocións e teorías básicas relativas á natureza social do ser humano. Por outra, ademais, pretendeuse cultivar a capacidade de diálogo e entendemento a través de actividades participativas, como o debate.
6. **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.** Valores como o liderado, a creatividade, a iniciativa persoal ou a autonomía non son alleos á educación filosófica. Capacidades como a argumentación, o razoamento ou a exposición pública están ligadas ao fomento da iniciativa individual. Máis aló destes valores transversais, presentes en todas as unidades, o mundo da empresa e a economía recibe un tratamento específico nestes materiais.
7. **Conciencia e expresión culturais.** A conexión entre a Filosofía e o ámbito da cultura en xeral é evidente, e, por conseguinte, é necesario fomentar unha actitude de respecto, tolerancia e coñecemento do amplo patrimonio cultural que constitúe a nosa forma de vida.

4. OBXECTIVOS

- Profundar no coñecemento da filosofía como saber teórico e como razón práctica.
- Analizar a diferenza entre filosofía, ciencia e relixión.
- Identificar os usos lóxico e práctico da filosofía.
- Identificar a filosofía como actitude crítica.
- Analizar o nacemento da filosofía e identificalo en Grecia.
- Identificar a primeira pregunta filosófica e profundar nos primeiros autores: Sócrates, Platón, Aristóteles.
- Profundar no coñecemento do temperamento e do carácter persoais.
- Comprender e extrapolar as teorías da personalidade a contextos actuais de análises.



- Comprender a importancia das emocións e da motivación na configuración do seu persoal.
- Discriminar entre o que se entende por conciencia e inconsciente.
- Identificar as visións da humanidade da filosofía antiga..
- Profundar na concepción medieval do ser humano.
- Reflexionar sobre a visión moderna da natureza humana.
- Coñecer e analizar as teorías contemporáneas sobre o ser humano.
- Coñecer os conceptos de cultura, de civilización e de sociedade, e os elementos que conforman unha cultura.
- Profundar nas diferentes etapas e nos distintos procesos de socialización.
- Recoñecer as diferentes actitudes humanas ante a diversidade cultural.
- Distinguir entre coñecemento e opinión, e coñecer os métodos da ciencia para achegarse á razón.
- Coñecer as principais teorías clásicas do coñecemento e a definición e as diversas concepcións da verdade.
- Analizar as teorías da intelixencia de Gardner e de Goleman, e reflexionar sobre a súa aplicación no mundo actual.
- Atopar o equilibrio entre a racionalidade teórica e práctica, relacionándoas coa cultura desde un punto de vista crítico.
- Coñecer a liberdade nos seus múltiples sentidos, diferenciando entre liberdade negativa e liberdade positiva, e relacionala co determinismo.
- Dialogar sobre a polémica filosófica do libre albedrío.
- Reflexionar sobre a diferenza entre ética e moral.
- Coñecer o concepto e os problemas da bioética.
- Atopar argumentos éticos sobre o uso da tecnoloxía en distintos contextos.
- Analizar os problemas das éticas ambiental e dos negocios.
- Pensar na pregunta metafísica pola esencia da realidade, cuestionándose a filosofía da natureza.
- Analizar o problema da liberdade e a ciencia contemporánea, e o sentido da existencia.
- Reflexionar sobre as teorías filosóficas da vida, a existencia e a temporalidade.
- Recoñecer as etapas da creatividade e as súas fontes.
- Apreciar a creación artística profundando no sentido de beleza.

5. ESTÁNDARES AVALIABLES.

5.1. 1ª Avaliación

FIB1.1.1. Define e utiliza conceptos como filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia ou prexuízo, e elabora un glosario con eles.

FIB1.1.2. Distingue entre, coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir e crear.

FIB1.2.1. Explica as diferenzas entre a explicación racional e a mitolóxica, en comparación tamén con algunhas características xerais das filosofías orientais.

FIB1.2.2. Le textos interpretativos e descritivos da formación do Cosmos e o ser humano, pertencentes ao campo mitolóxico e ao campo racional, e extrae semellanzas e diferenzas nas formulacións.

FIB1.3.1. Describe as primeiras respostas presocráticas á pregunta polo arché, coñece os seus autores e reflexiona por escrito sobre as solucións de interpretación da realidade expostas por Heráclito, Parménides e Demócrito.



FIB1.4.1. Compara a interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura.

FIB1.5.1. Realiza pequenos ensaios, argumentando as súas opinións de xeito razoado, no que pretenda dar sentido a algún conxunto de experiencias.

FIB1.6.1. Diserta sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades.

FIB2.1.1. Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos.

FIB2.2.1. Define e caracteriza o que é a personalidade.

FIB2.3.1. Coñece as teses fundamentais sobre a personalidade e argumenta sobre iso.

FIB2.4.1. Le textos literarios nos que se analiza a personalidade dos personaxes, identifica os trazos e os tipos de personalidade, e reflexiona por escrito sobre a temática.

FIB2.5.1. Analiza que se entende por inconsciente

FIB2.6.1. Le e analiza textos filosóficos, literarios ou científicos cuxo punto de reflexión sexa a herdanza adquirida na formación da personalidade, incidindo no autoconecemento.

FIB2.7.1. Investiga e selecciona información significativa sobre conceptos fundamentais de filosofía da mente.

FIB2.8.1. Define e utiliza con rigor conceptos como motivación, emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.

FIB2.9.1. Explica as teses máis importantes da teoría cognitiva acerca do coñecemento e a motivación.

FIB2.10.1. Explica as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación e expresa a súa opinión razoada ao respecto.

FIB2.10.2. Explica e compara a visión sobre a motivación da teoría cognitivista e a da teoría humanística sobre a motivación.

FIB2.11.1. Analiza e argumenta sobre textos breves e significativos de autores salientables sobre as emocións, e argumenta por escrito as propias opinións.

FIB2.12.1. Analiza textos e diserta sobre a incidencia das emocións, como a frustración, o desexo ou o amor, entre outras, na conduta humana.

FIB2.13.1. Argumenta sobre o papel das emocións para estimular a aprendizaxe, o rendemento, o logro de obxectivos e a resolución de problemas, entre outros procesos.

FIB2.14.1. Analiza textos en que se describe o papel das emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento.

FIB2.15.1. Desenvolve de forma colaborativa un glosario para publicar en internet, coa terminoloxía filosófica da



FIB2.16.2. Explica a teoría da alma de Aristóteles

FIB2.16.3. Argumenta a súa opinión sobre a relación entre o corpo e a mente ou alma.

FIB2.17.1. Explica o que é a introspección segundo Agostiño de Hipona, utilizando este tipo de pensamento en primeira persoa para describirse a si mesmo/a.

FIB2.8.1. Define e utiliza con rigor conceptos como motivación, emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.

FIB2.9.1. Explica as teses máis importantes da teoría cognitiva acerca do coñecemento e a motivación.

FIB2.10.1. Explica as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación e expresa a súa opinión razoada ao respecto.

FIB2.10.2. Explica e compara a visión sobre a motivación da teoría cognitivista e a da teoría humanística sobre a motivación.

FIB2.11.1. Analiza e argumenta sobre textos breves e significativos de autores salientables sobre as emocións, e argumenta por escrito as propias opinións.

FIB2.12.1. Analiza textos e diserta sobre a incidencia das emocións, como a frustración, o desexo ou o amor, entre outras, na conduta humana.

FIB2.13.1. Argumenta sobre o papel das emocións para estimular a aprendizaxe, o rendemento, o logro de obxectivos e a resolución de problemas, entre outros procesos.

FIB2.14.1. Analiza textos en que se describe o papel das emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento.

FIB2.15.1. Desenvolve de forma colaborativa un glosario para publicar en internet, coa terminoloxía filosófica da unidade.

FIB2.16.1. Explica a teoría da alma de Platón.

FIB2.16.2. Explica a teoría da alma de Aristóteles.

FIB2.16.3. Argumenta a súa opinión sobre a relación entre o corpo e a mente ou alma.

FIB2.17.1. Explica o que é a introspección segundo Agostiño de Hipona, utilizando este tipo de pensamento en primeira persoa para describirse a si mesmo/a.

FIB2.18.1. Expón o significado da tese de Descartes "Penso, logo existo".

FIB2.18.2. Expón as súas reflexións sobre as implicacións do materialismo

FIB2.19.1. Explica o que é a vontade.

IB2.20.1. Argumenta, desde o plano filosófico, sobre o papel das emocións na consideración do ser humano en canto tal.

5.2. 2ª Avaliación

- FIB3.1.1. Define e utiliza conceptos como individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, e globalización.
- FIB3.2.1. Define e explica o significado dos conceptos de cultura e de sociedade, facendo referencia aos compoñentes socioculturais que hai no ser humano.
- FIB3.3.1. Expresa algúns dos principais contidos culturais, como son as institucións, as ideas, as crenzas, os valores, os obxectos materiais, etc
- FIB3.3.2. Coñece os niveis aos que se realiza a internalización dos contidos culturais dunha sociedade; é dicir, a nivel biolóxico, afectivo e cognitivo.
- FIB3.4.1. Describe a socialización primaria e secundaria.
- FIB3.5.1. Explica as teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.
- FIB3.6.1. Explica o que é unha civilización e pon exemplos fundamentados, e investiga e reflexiona sobre as semellanzas e as diferenzas entre oriente e occidente.
- FIB3.7.1. Explica o que é a comunicación e reflexiona sobre as vantaxes e os inconvenientes cando a ferramenta para ela son as novas tecnoloxías.
- FIB3.8.1. Reflexiona por escrito sobre o papel activo dun/dunha mesmo/a no seu contexto sociocultural, como ser capaz de innovar e xerar cambios culturais.
- FIB3.9.1. Coñece o relativismo cultural e o etnocentrismo, e reflexiona sobre eles, expresando conclusións propias e achegando exemplos con feitos investigados e contrastados en internet.
- FIB4.1.1. Define e utiliza conceptos como razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.
- FIB4.1.2. Explica o que é a racionalidade e describe algunhas das súas características.
- FIB4.2.1. Explica a concepción sobre as posibilidades da razón.
- FIB4.3.1. Identifica as dúas posibilidades de aplicación da racionalidade: teórica e práctica.
- FIB4.4.1. Explica as teses centrais da teoría da intelixencia emocional.
- FIB4.4.2. Argumenta sobre a relación entre a razón e as emocións.
- FIB4.5.1. Define algúns tipos de verdade, como son a verdade como correspondencia, a verdade segundo o pragmatismo americano e a verdade desde o perspectivismo.
- FIB4.5.2. Reflexiona sobre a parte positiva de equivocarse e a importancia do erro como posibilidade de procura de novas estratexias e solucións.



5.3. 3ª Avaliación

FIB5.1.1. Define e utiliza conceptos como metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo.

FIB5.1.2. Define o que é a metafísica, o seu obxecto de coñecemento e o seu modo característico de preguntar sobre a realidade.

FIB5.2.1. Expresa as dúas posibles respostas á pregunta pola orixe do Universo (é eterno ou fo creado), e expón as súas reflexións sobre as implicacións relixiosas e filosóficas de ambas as dúas.

FIB5.2.2. Expón as dúas posturas sobre a cuestión acerca de se o Universo ten unha finalidade, unha dirección, ou se non a ten, e argumenta filosoficamente a súa opinión ao respecto.

FIB5.2.3. Analiza textos cuxo punto de reflexión é a realidade física que nos rodea e os interrogantes filosóficos que suscita.

FIB5.3.1. Define o que é o determinismo e o indeterminismo, no marco da reflexión sobre se existe unha orde no Universo rexida por leis.

FIB5.4.1. Coñece as teses centrais do vitalismo de filósofos/as que reflexionan sobre a vida.

FIB5.4.2. Analiza textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou o lugar do individuo na realidade, e expón as súas propias reflexións ao respecto.

FIB6.1.1. Define e utiliza conceptos como vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.

FIB6.1.2. Analiza textos breves sobre o tema da liberdade, e argumenta a propia opinión. FIB6.2.1. Explica o que é o libre albedrío e a facultade humana da vontade.

FIB6.3.1. Expón as súas reflexións sobre a posibilidade de que exista ou non o libre albedrío, tendo en conta os avances no coñecemento da xenética e a neurociencia

FIB6.4.1. Argumenta sobre as posibilidades do ser humano de actuar libremente, tendo en conta que é un ser natural. FIB6.5.1. Expresa diferentes posturas de filósofos en torno ao tema da liberdade.

FIB6.6.1. Define e utiliza conceptos como estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia.

FIB6.7.1. Le e comenta textos breves e significativos sobre o mecanismo de aparición de ideas novas.

FIB6.7.2. Explica o que é a imaxinación e exemplifícaa mediante a redacción de relatos breves de temática filosófica.

FIB6.8.1. Analiza textos de literatura fantástica, considerando os elementos especificamente creativos e reflexionando sobre eles.

FIB6.9.1. Explica as fases do proceso creativo



FIB6.10.1. Utiliza a técnica de desenvolvemento da creatividade coñecida como de revisión de supostos e inversión, e aplícaa sobre algunha teoría filosófica ou científica.

FIB6.10.2. Explica as principais técnicas de desenvolvemento da creatividade.

FIB6.11.1. Utiliza de forma colectiva a técnica do brainstorming para reflexionar sobre temas filosóficos tratados durante o curso.

FIB6.12.1. Argumenta sobre o papel da liberdade como condición fundamental para a creación, e razoa a súa opinión.

FIB6.13.1. Explica as características das persoas especialmente creativas e algunhas das formas en que pode potenciarse esta condición.

FIB6.14.1. Argumenta sobre a importancia de asumir riscos e saír da chamada zona de confort para alcanzar metas e lograr resultados creativos e innovadores.

5.4. Mínimos exigibles para a superación da materia.

- FIB1.1.1. Define e utiliza conceptos como filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia ou prexuízo, e elabora un glosario con eles.
- FIB1.2.2. Le textos interpretativos e descritivos da formación do Cosmos e o ser humano, pertencentes ao campo mitolóxico e ao campo racional, e extrae semellanzas e diferenzas nas formulacións.
- FIB1.4.1. Compara a interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura.
- FIB2.1.1. Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos.
- FIB2.3.1. Coñece as teses fundamentais sobre a personalidade e argumenta sobre iso.
- FIB2.6.1. Le e analiza textos filosóficos, literarios ou científicos cuxo punto de reflexión sexa a herdanza adquirida na formación da personalidade, incidindo no autoconhecimento.
- FIB2.8.1. Define e utiliza con rigor conceptos como motivación, emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración.
- FIB2.16.1. Explica a teoría da alma de Platón.
- FIB2.16.2. Explica a teoría da alma de Aristóteles.
- FIB2.17.1. Explica o que é a introspección segundo Agostiño de Hipona, utilizando este tipo de pensamento en primeira persoa para describirse a si mesmo/a.
- FIB2.18.1. Expón o significado da tese de Descartes "Penso, logo existo".
- FIB3.1.1. Define e utiliza conceptos como individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, e globalización.



compñentes socioculturais que hai no ser humano.

- FIB3.4.1. Describe a socialización primaria e secundaria.
- FIB3.5.1. Explica as teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado.
- FIB3.7.1. Explica o que é a comunicación e reflexiona sobre as vantaxes e os inconvenientes cando a ferramenta para ela son as novas tecnoloxías.
- FIB3.9.1. Coñece o relativismo cultural e o etnocentrismo, e reflexiona sobre eles, expresando conclusións propias e achegando exemplos con feitos investigados e contrastados en internet.
- FIB4.1.1. Define e utiliza conceptos como razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro.
- FIB4.3.1. Identifica as dúas posibilidades de aplicación da racionalidade: teórica e práctica.
- FIB4.5.1. Define algúns tipos de verdade, como son a verdade como correspondencia, a verdade segundo o pragmatismo americano e a verdade desde o perspectivismo.
- FIB5.1.1. Define e utiliza conceptos como metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo.
- FIB5.2.3. Analiza textos cuxo punto de reflexión é a realidade física que nos rodea e os interrogantes filosóficos que suscita.
- FIB5.4.2. Analiza textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou o lugar do individuo na realidade, e expón as súas propias reflexións ao respecto.
- FIB6.1.1. Define e utiliza conceptos como vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento.
- FIB6.1.2. Analiza textos breves sobre o tema da liberdade, e argumenta a propia opinión.
- FIB6.5.1. Expresa diferentes posturas de filósofos en torno ao tema da liberdade.
- FIB6.6.1. Define e utiliza conceptos como estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación diverxente, pensamento converxente e serendipia.
- FIB6.9.1. Explica as fases do proceso creativo.
- FIB6.9.1. Explica as fases do proceso creativo.
- FIB6.9.1. Explica as fases do proceso creativo.
- FIB6.9.1. Explica as fases do proceso creativo.



6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Utilizarase unha metodoloxía que pretende lograr a máxima participación e interese do alumnado tanto á hora de obter a información básica a partir da lectura de textos, utilización de internet como a hora de aplicar esa información nun exercicio crítico de racionalidade a situacións da vida cotiá para a construción dunha cidadanía responsable.

Cada unidade comezará con unhas cuestións introdutorias, que leven consigo unha reflexión sobre os coñecementos previos que ten o alumnado procedentes doutras materias ou recibidas pola tradición. A continuación o profesor impartirá información coa axuda da lectura de textos de breve extensión, que poñen o alumno en relación coa forma de expresión dos filósofos. Logo terá lugar a elaboración de definicións dos conceptos esenciais e unhas referencias da ampliación dalgúns contidos concretos. As unidades cerraranse sempre con unha síntese con insistencia nos conceptos e teorías máis relevantes. Acompañase sempre cun conxunto de actividades, tamén de carácter final, cuxa resposta permite valorar o coñecemento que os alumnos obtiveron tras estudar a unidade na súa totalidade. Entre estes exercicios finais hai actividades individuais e actividades colectivas, así como a invitación a elaborar breves ensaios filosóficos. .

A metodoloxía que vai a utilizar o departamento nas distintas asignaturas que imparte basease nos seguintes criterios:

- a) **Conceder importancia á motivación dos alumnos.** Utilizando unha metodoloxía activa e participativa, na que se conceda importancia á actividade persoal do alumnado, suscitando e favorecendo o exercicio de súas facultades e de súas capacidades. Isto contribúe a un aprendizaxe máis significativo e, a vez, máis dinámico. Para conseguir isto vanse a conectar os contidos das materias cos intereses e a vida real dos estudantes-por exemplo usando as noticias dos medios de comunicación.
- b) **Aplicar estratexias de indagación.** A recollida de información e súa posterior clasificación e organización constitúen un medio moi adecuado para a aprendizaxe significativo nesta etapa, pois estas estratexias poñen ao alumno ante feitos, en certo modo, problemáticos, sobre os cales deben aplicarse reflexivamente os conceptos, os procedementos e as competencias que o profesor teña previsto.
- c) **O traballo en grupos grandes e pequenos** ofrece posibilidades de participación efectiva de todos, favorece o intercambio de ideas, a motivación e o feito de que uns aprendan de outros. En ocasións, os grupos se poden organizar como equipos estables; outras veces se poden crear mediante cualquier outro sistema de agrupación sinxela e funcional.
- d) **Atender ao feito de que os alumnos e alumnas son diferentes entre sí.** No proceso educativo débese procurar que cada estudante acade seu máximo desenvolvemento persoal e exercite súas capacidades adaptando as ensinanzas e as actividades ás posibilidades, necesidades e intereses de cada un. Para iso vaise programar o traballo individuale así cada un desenvolverá súas capacidades e seguirá o ritmo de aprendizaxe que se mellor se adecue ás súas circunstancias persoais.



e) **Empregar diversas técnicas de ensinanza (pluralismo metodolóxico).** Xa que os alumnos aprenden mellor cando o profesor emprega diversas técnicas de ensinanza e aprendizaxe, e as combina axeitadamente: unhas veces, haberá unha breve explicación do profesor; outras, a reflexión e o diálogo a partir da lectura dun texto; a valoración crítica de determinados feitos con unha dimensión ética; o xuízo sobre informacións que aparecen nos medios de comunicación; un debate o unha mesa redonda; etcétera.

f) **Introducir aos alumnos na técnica do comentario de textos.** Se ha de iniciar no coñecemento e no aprendizaxe sistemático desta técnica, recoñecida como unha das principais do traballo intelectual e, especificamente, da reflexión filosófica. É convinte que o alumnado se familiarice co análise, o comentario e a valoración crítica de textos. Ante todo, preténdese que os estudantes sexan capaces de comprender e assimilar a linguaxe filosófica, así como a terminoloxía usada durante séculos. Para elo, se preguntará polo sentido e a interpretación do pensamento do autor: trátase de comprobar que, con axuda da información que asimilaron, poden localizar as ideas e situalas no contexto do tema que se estuda. Ademais, fomentárase o espírito crítico: o alumno aprenderá a valorar os textos, razoando axeitadamente con argumentos filosóficos. A comparación entre textos de distintos filósofos e de diversas posturas axudará a que o alumno sepa discernir unhas correntes de pensamento de outras, mida os pros e os contras, e saque súas propias conclusións tras sopesar os argumentos. Tamén preténdese que sexa capaz de darse conta (e de manifestar-lo) de cómo una visión xusta de un tema pode, sin embargo, ser parcial se non se ten en conta outros aspectos do problema que se trata. De este modo, preténdese estimular e valorar a súa capacidade de análise e de síntese.

g) **Utilizar a técnica do video fórum.** O uso do cine nas clases de Filosofía (*e de educación em valores*) cos alumnos de Bacharelato é un método de gran eficacia educativa humana e cultural. Actualmente, non se pode educar sin contar coos medios audiovisuais. Hai películas e documentais sobre temas de clara dimensión moral ou antropolóxica, e que son un medio excelente para informar e para formar aos alumnos, desenvolvendo neles unha serie de capacidades de gran valor educativo: observar; facer pensar; desenvolver a sensibilidade; educar actitudes; poñelos en situación de valorar eticamente, con sentido crítico, situacións e condutas, etcétera.

h) **Aplicar o método da disertación.** A exposición dun tema ou o desenvolvemento dunhos argumentos sobre unha cuestión concreta, son formas eficaces de comprobar ata que punto os alumnos son capaces de buscar, ordear, assimilar e transmitir información. Permite, asimesmo, valorar se estudan criticamente a información recibida, se se plantexan problemas reais e concretos, e se os resollen dun modo persoal e creativo.

Empregar a práctica do debate e a súa participación nel mediante a exposición razoada e argumentada do pensamento propio. Esta técnica permitirá que os alumnos e alumnas aporten as súas propias reflexións e as relacionen con outras posicións previamente estudadas. Ademais, aprenderán a construír e a enriquecer as súas propias opinións, traballando de forma activa e constructiva cos demais.



7. MATERIAIS, FERRAMENTAS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Non se establece libro de texto.
- Se usarán materiais, textos e tarefas elaborados pola profesora.
- Dicionarios e manuais de filosofía.
- Os textos significativos dos filósofos e temas estudados.
- Guías para a busca de información a través de Internet
- Glosarios co vocabulario básico de cada unidade.
- Información recollida de enciclopedias, libros especializados ou Internet.
- Mapas conceptuais, esquemas e resúmenes breves dos temas estudados.
- Prensa escrita.
- Uso de las TIC. O alumnado fará uso das novas tecnoloxías para obter información puntual sobre os temas tratados, e para familiarizarse con direccións de interese por seu contido filosófico, sobre todo dicionarios, eixos cronolóxicos etc
- Lectura de libros de literatura para comentar: serán seleccionados pola profesora.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A proposta de valoración numérica dos resultados da avaliación establecerase segundo as pautas seguintes:

1. A corrección das **probas escritas** sobre os contidos con arreglo aos estándares de aprendizaxe suporán o 70 % da cualificación global. e seguirá o seguinte esquema :
 - Análise dun texto/ Pregunta de desenvolvemento
 - Preguntas curtas
 - Definición de termos

Para avaliar os estándares de aprendizaxe a través destas probas escritas empregaranse as seguintes **rúbricas**:

1. Proba escrita Sobre 10 p. será o 70% de cada avaliación trimestral:

Análise de texto/ Pregunta de desenvolvemento	Valor máximo:4	0-1	0- 1	0-1	0-1	Cualificación global
		Comprensión conceptos texto/ Conceptos pregunta desenvol.	Comprensión estrutura argumentati -va/ Estructura desenvolvemento	Contextualización texto/ C. desenv.	Corrección expresiva e gramatical	
	Cualificación por ítem					



Preguntas curtas	<i>Valor máximo:</i> 4	0-1	0-1	0-1	0-1	Cualificación global
		Pertinencia dos contidos	Precisión do uso de conceptos	Articulación discursiva	Corrección expresiva e gramatical	
	Calificación por ítem					
Definición de termos	<i>Valor máximo :</i> 2	0-0,5	0-0,5	0-0,5	0-0,5	Cualificación global
		Pertinencia dos contidos	Precisión no uso de conceptos	Articulación discursiva	Corrección expresiva e gramatical	

Haberá unha única proba de **recuperación** por avaliación con idéntica estrutura á proba descrita con anterioridade. A recuperación dos exames aos que se faltou por causa xustificada farase antes da avaliación, de ser posible, ou posteriormente e farase constar a avaliación no caderno da profesora.

2 Traballos e actividades realizadas polos alumnado 20% da nota trimestral: para os traballos de conceptuais e de razoamento e de vocabulario empregaranse as seguintes rúbricas. **Faranse a media destas actividades sumando a puntuación e dividíndoas entre as que se realizaran. O resultado será o 20% de cada avaliación trimestral.**

Rúbrica sobre os traballos conceptuais e de razonamento 20%					
	Moi pouco ou nada	Pouco	Aceptable	Notable	Excelente
Argumenta e razoa as súas opinións con claridade e coherencia.					
Puntuación	De 0 a 0,4p	De 0,41 a 0,8p	De 0,81 a 1,2p	De 1,21p. a 1,6p	De 1,61 a 2p

Rúbrica sobre o vocabulario					
	Moi pouco ou nada	Pouco	Aceptable	Notable	Excelente
Elabora listas de conceptos, comprende o seu significado e aplícaos con rigor.					
Puntuación	De 0 a 0,4p	De 0,41 a 0,8p	De 0,81a 1,2p	De 1,21 a 1,6p	De 1,61 a 2p



3. Seguimento do traballo dos alumnos na clase, 10% Farase unha nota media ponderada de todos os ítems a avaliar con un máximo de 1 punto sobre a nota final de cada trimestre.

	Instrumento de avaliación	Escala de valor			Nota
		Non adquirido 0	En proceso 0,5	Adquirido 1	
Traballo dos alumnos na clase 10%	Cumprimento das indicacións da profesora.				
	Respectar a quenda de palabra.				
	Participa. nos debates				
	Prestar atención na clase				
	Traer o material de traballo.				
	Elaboración dos traballos propostos				
	Lectura dos libros				
	Coida a linguaxe de forma adecuada.				

Avaliación ordinaria:

A nota da avaliación ordinaria de xuño será o resultado da media aritmética das obtidas nas tres avaliacións.

Avaliación extraordinaria:

Constará dunha proba escrita co esquema antes sinalado. Valorarase aplicando unha escala de 0 a 10 puntos. Para aprobar é necesario obter unha cualificación de 5 puntos.



9. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Traballos e actividades realizadas polos alumnos, 20% da avaliación.

O alumnado demostrará a súa competencia na materia mediante a seguintes actividades:

-**Actividades conceptuais.** nelas os alumnos van reemplazar gradualmente as súas ideas previas cos desenvolvidos na clase. Deberían poder manexar un vocabulario específico e definir con precisión e claridade os conceptos centrais de cada unidade.

-**Actividades de comentario de texto.** Fundamentalmente, os alumnos deberían poder analizar un texto, identificando o seu tema, tese e ideas secundarias. Para iso, debe ser capaz de expoñer os argumentos ou estruturas de razoamento no texto

-**Actividades de síntese.** Estas actividades están orientadas á comprensión dos contidos temáticos das distintas unidades e á reelaboración destes contidos. Os alumnos deben ser capaces de comprender e explicar os puntos principais do tema e razoar deles.

-**Actividades de razoamento e argumentación.** Supoñen unha maior autonomía por parte dos alumnos, xa que debe elaborar unha idea baseada e apoiada nunha serie de argumentos. Esta actividade pode realizarse por escrito, como escribir, tomar posición antes dunha tese, etc., ou oralmente, nunha exposición pública ou nun debate.

- Proba escrita 70% .

Realizarase, polo menos, unha proba escrita por avaliación. A realización de devanditas probas é obrigatoria para os alumnos. Se por causa xustificada algún alumno non puidese acudir ao Centro o día fixado para o exame, deberá advertilo telefonicamente, debendo presentar á profesora da asignatura a xustificación da falta no momento da súa incorporación acompañando os documentos que no seu caso a acrediten (certificación médica, citación xudicial, etc.).

A profesora determinará en que momento o alumno realizará a proba que non puido facer na data fixada. A avaliación é continua en cada trimestre e ao final do curso a profesora terá en conta o progreso do alumno e redondeará a nota final de xuño segundo ese progreso ou non durante o curso.

-Seguimento do alumnado na clase 10%



10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Escala de valor ou rango	Explicación	
Excelente	5	Evidéncianse prácticas excepcionais, modelos de referencia e boas prácticas
Moi ben	4	Evidéncianse prácticas sólidas. Competencia alta no indicador establecido
Adecuado	3	Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido.
Pouco adecuado	2	Omítense elementos fundamentais do indicador establecido.
Inadecuado	1	Non se alcanzan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial

Aspectos susceptibles de análise	Avaliación					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
Organizáronse e secuenciáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación ás distintas unidades de programación.						
Definíronse os indicadores de logro vinculados aos estándares de aprendizaxe.						
Determináronse os estándares de aprendizaxe imprescindibles						
Asociáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis, os instrumentos de avaliación e indicadores de logro						
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación ao alumnado vinculados aos estándares de aprendizaxe						
Presentáronse desde a área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita						
Incorporáronse as TIC aos procesos de ensinanza e aprendizaxe.						
Aplicouse a metodoloxía didáctica acordada polo departamento						
Relacionáronse procedementos e instrumentos de avaliación						
Houbo coordinación entre o equipo didáctico						
Houbo coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas						
Houbo un preciso dos temas transversais nas diferentes unidades de programación						



11. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

No caso de haber alumnado pendente farase un seguimento individualizado indicando as datas e os exames a realizar en cada trimestre para a súa superación positiva.

12. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS

Para coñecer o punto de partida, resulta de gran interese realizar unha sonda previa entre os alumnos, para detectar as ideas previas do alumnado e establecer estratexias para comezar o curso . Neste tipo de actividades se inclúen:

- Cuestionario de ideas previas
- Debate e actividades de pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesorado, co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Introdución de cada aspecto teórico aténdose ao seu contexto e a súa importancia para temas actuais e cotiáns, sempre que iso sexa posible.

- Proxección de algún cortometraxe ou vídeo sobre a temática da primeira unidade.

13. PLAN DE ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN, REFORZO E RECUPERACIÓN

Seguindo as instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, relativas á Orde do 27 de decembro de 2022 que modifica a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 na que se modifica a avaliación do alumnado da ESO, ao establecer que a sesión da terceira avaliación parcial e de avaliación final deste alumnado deberá realizarse conxuntamente a partir do día 22 de xuño de 2023, o Departamento de Filosofía do IES Terra de Trasancos decide que:

- A cualificación final do alumnado da ESO será o resultado da media proporcionada entre as cualificacións acadadas nas tres avaliacións parciais realizadas durante o curso (incluíndo as obtidas nas respectivas recuperacións). Esta proporción pode variar dependendo da complexidade da materia dada no trimestre (dificultade ou cantidade).
- Levarase a cabo un exame final extraordinario nas últimas datas do curso.



14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un dos principios básicos que ha de ter en conta a intervención educativa e o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofrezca a cada alumno e alumna a axuda pedagóxica que necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. Xorde disto a necesidade de atender esta diversidade.

É preciso, entón, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe dos alumnos e alumnas e adoptar as medidas oportunas para afrontar esta diversidade. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan ser reforzados continuamente e outros non; hainos que prefiren traballar sos e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

Dar resposta a esta diversidade non é tarefa fácil, pero si necesaria, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que os alumnos e alumnas alcancen os obxectivos propostos. Habemos de acometer, pois, o tratamento da diversidade desde dúas vías:

1. A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos en dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, paradigmas, etc.
2. A atención á diversidade na programación das actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

Curso 2022/23

PROFESORAS	MATERIA	NIVEL
Leticia López Pérez	Valores Éticos	2º ESO A, B
Leticia López Pérez	Valores Éticos	4º ESO B
Beatriz García Caneda	Valores Éticos	4º ESO A



- 1. ÍNDICE**
- 2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**
- 3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**
- 4. OBXECTIVOS .**
- 5. ESTÁNDARES AVALIABLES**
- 6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS**
- 7. MATERIAIS, FERRAMENTAS E RECURSOS DIDÁCTICOS**
- 8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**
- 9. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**
- 10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**
- 11. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**
- 12. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS**
- 13. PLAN DE ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN**
- 14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- 15. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**
- 16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**
- 17. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**
- 18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR**
- 19. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Introdución.

O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos:

- 1-“A dignidade da persoa”
- 2- “A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais”
- 3-“A reflexión ética”
- 4-“A Xustiza e a política”
- 5- “Os valores éticos, o dereito, A Declaración Universal dos Dereitos Humanos(DUDH) sobre dereitos humanos”
- 6-“Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía”

O tratamento destes bloques temáticos depende dos diversos momentos de desenvolvemento cognitivo dos alumnos ao longo dos catro cursos da ESO. No currículo do primeiro ciclo, os alumnos e as alumnas de primeiro de ESO traballaran o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política. En segundo de ESO abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os/as grandes pensadores/as e filósofos/as da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central. En terceiro de ESO, curso final do ciclo, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen. No cuarto curso da etapa retómanse xa, pero desde un nivel de afondamento superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos, tendo como horizonte que o alumnado, ao final da etapa, estea xa capacitado para levar a cabo o proxecto máis importantes de aqueles nos que se embarcarán: o dunha vida persoal e social digna e satisfactoria.

Contextualización.

- a) O Instituto de Ensino Secundario Terra de Trasancos é un centro do Concello de Narón de titularidade pública. O centro atópase no Camiño Real S/N.

No entorno atopamos un polígono onde se desenvolven actividades de tipo industrial, comercial e empresarial.

O nivel socioeconómico das familias é principalmente de clase obreira ou clase media/baixa.

No contorno máis inmediato ó centro podemos atopar, cara ó norte e ó leste edificacións de grande volume adicadas como xa se indicou antes a actividades de tipo industrial, comercial e empresarial. Cara ó sur e o leste



atopamos vivendas unifamiliares, e, nun contorno máis lonxano vivendas plurifamiliares. Ademais, inmediatos ó centro, atopamos o IES As Telleiras e o polideportivo municipal de As Lagoas.

O acceso principal ó centro resólvese dende a Estrada de Cedeira.

A distancia do IES ós núcleos urbanos do concello, así como a procedencia dos alumnos fai que estes accedan na súa práctica totalidade a este en transporte escolar, e, no caso dos alumnos de ciclos en transporte privado cando o seu horario lectivo non coincide co do resto dos alumnos.

Este feito supón un condicionante extremo na actividade do centro pois, na práctica, o desenvolvemento de calquera actividade fóra do horario lectivo implica o desprazamento dos participantes polos seus propios medios sen que exista nin sequera transporte colectivo público nas cercanías.

b) Modelo lingüístico.

O idioma oficial empregado no centro é o galego. Emprégase en tódalas comunicacións, circulares e escritos. En canto ó idioma empregado nas clases, é parello entre o galego e o castelán, axustándose en todo caso ó prescrito na normativa lingüística sobre o uso do galego no ensino.

O idioma empregado polos profesores nas súas relacións persoais é indistintamente galego ou castelán, sen que se aprecie preponderancia no uso dalgún deles.

c) Datos relacionados co alumnado e coas familias:

1) Etapas e niveis de ensinanza.

O centro imparte ensinanzas de:

1.a) Educación secundaria obrigatoria (ESO)

1.b) Bacharelato. As modalidades impartidas son o Científico Tecnolóxico e o de Humanidades e Ciencias Sociais.

1.c) Ciclos de grao medio:

- Xestión administrativa. Pertence á familia profesional de administración. Ten unha duración de 2000 horas repartidas en dous cursos académicos.

1.d) Ciclos de grao superior.

- Administración e Finanzas. Pertence á familia profesional de administración. Ten unha duración de 2000 horas repartidas en dous cursos académicos.

1.e) FP. BÁSICA de Electricidade e Electrónica.

1.f) FP.BÁSICA de Servizos Administrativos.



3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Considerase que "as competencias básicas son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, inclusión social e o emprego". Identifícanse sete competencias básicas esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

As asignaturas de Valores Éticos contribuen sobre todo a acadar as competencias sociais e cívicas xa que a educación ética é fundamental na convivencia, pero non se limita a elas. Na base da reflexión ética está o coñecemento das teorías antropolóxicas, éticas e políticas dos pensadores/as que contribuíron a creación da nosa cultura, cuns valores reflexados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos. E dende esos valores analiza a actividade científico e tecnolóxica, actividade que debe estar acorde con estes valores éticos tanto nos seus procedementos como nos resultados, contribuíndo así con a competencia matemática e as competencias básicas de ciencia e tecnoloxía.

Fomentar a competencia en comunicación lingüística é importante pola necesidade de rigor e claridade para expoñer súas ideas e para dialogar comprendendo os puntos de vista dos outros. Tamén é indispensable a competencia de aprender a aprender e a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor na necesidade de crecemento persoal tanto no exercicio dos procesos cognitivos como no aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non- estancamento. Por último, esta materia obriga aos alumno/as a realizar traballos tanto en grupo como individuais desenvolvendo así a competencia dixital a hora de buscar e seleccionar información, procesala e plasmar seus traballos cunha capacidade para a súa comunicación. E, tamén é importante abrir debates sobre a maneira en que as tecnoloxías e os medios de comunicación poden permitir diferentes formas de participación, así como a influencia que teñen na socialización das persoas ou sobre os riscos asociados ao uso das tecnoloxías.

4. OBXECTIVOS .

2ºESO

- Recoñecer a relación do ser humano co entorno e os axentes sociais que o conforman, entendendo súa influencia no desenvolvemento moral da persoa e valorando a vida en sociedade dende valores éticos recoñecidos.
- Sinalar os límites entre a liberdade persoal e a social, marcados pola ética e os dereitos humanoa.
- Valorar a importancia das habilidades emocionais, sociais e asertivas, co fin de moldear a personalidade a través de valores e virtudes éticas que favorezan as relacións interpersoais positivas e respetuosas, asegurando así unha vida



en sociedade máis xusta e enriquecedora.

- Describir as diferencias entre moral e ética, valorando a importancia desta última para actuar de xeito racional.
- Identificar a liberdade como base que sostén a moral da persoa e a intelixencia, a vontade e as normas éticas como medios que rixen seu comportamento.
- Explicar a función dos valores éticos na vida persoal e social do ser humano vendo a importancia de que sexan respetados.
- Coñecer o concepto de norma ética e súa influencia no comportamento do individuo no plano persoal e social.

4ºESO

- Describir as consecuencias derivadas da xustificación das normas xurídicas, a través da reflexión de diversas teorías, para poder opinar de xeito razoado sobre a base ética das leis.
- Coñecer cómo se creou a ONU e o momento histórico que impulsou a elaboración da DUDH, destacando seu valor como fundamento éticouniversal da lexitimidad do dereito e dos Estados.
- Entender e valorar o contido da DUDH facendo hincapé vo respecto a dignidade humana como base dos dereitos humanos.
- Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover súa solución.
- Analizar os problemas aos que se enfrenta a aplicación da DUDH na actualidade resaltando as iniciativas que realizan institucións e as ONG para defender os dereitos humanos dos que non teñen a oportunidade de exercerlos.
- Aplicar os valores éticos da DUDH ao campo tecnolóxico e científico para establecer límites éticos e xurídicos que orienten a actividade adecuadamente.
- Entender os problemas que a dependencia da tecnoloxía provoca no ser humano.
- Identificar pautas e investigacións científicas que non respetan o código métrico fundamentado na DUDH.

5. ESTÁNDARES AVALIABLES

5.1. 2º ESO

- VEB 1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.
- VEB 1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.
- VEB 1.2.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.
- VEB 1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter.
- VEB 2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática..3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.
- VEB 2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.
- VEB 3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.
- VEB 3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.
- VEB 3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.
- VEB 3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Kohlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral.
- VEB 3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.
- VEB 3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.
- VEB 3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social.
- VEB 3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.
- VEB 3.5.2. Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.



- VEB 3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto.

VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.

- VEB 3.6.1. Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas.
- VEB 3.6.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.
- VEB 3.6.3. Elaborar, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.
- VEB 3.7.1. Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións.
- VEB 3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.
- VEB 3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins.
- VEB 3.8.1. Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.
- VEB 3.8.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins.
- VEB3.8.3. Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista.
- VEB4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza.
- VEB 4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.
- VEB 4.2.1. Elaborar, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado.
- VEB 4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.
- VEB 5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.
- VEB 6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social,



económico, político, ético e ecolóxico, etc.).

- VEB 6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.
- VEB 6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.
- VEB 6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnoddependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización.
- VEB 6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxeñese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.
- VEB 6.3.2. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas.

5.2. 4º ESO

- VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.
- VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade
- VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.
- VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.
- VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.
- VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que illustre os contidos máis sobresañentes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado.
- VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de



valores, normas, costumes, etc.

- VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.
- VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.
- VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.
- VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa.
- VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).
- VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.
- VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais.
- VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal.
- VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións.
- VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant.
- VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas.
- VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).
- VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.)
- VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a



súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.)

- VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.
- VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.
- VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón).
- VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela.
- VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e reconece os retos que aínda teñen que superar.
- VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).
- VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.
- VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH).
- VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.
- VEB5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).
- VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.).
- VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en



-
- materia VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais.
- VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.
- VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.
- VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.

Estándares mínimos para a superación da materia.

2º ESO

VEB1.1.2. Describe as características principais da persoa: substancia independente, racional e libre.

VEB1.1.3. Explica e valora a dignidade da persoa que, como ente autónomo, se converte nun "ser moral".

VEB1.4.1. Describe e estima o papel relevante da razón e a liberdade para configurar cos seus propios actos a estrutura da súa personalidade.

VEB1.5.1. Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ente humano.

VEB2.1.1. Explica por que o ser humano é social por natureza e valora as consecuencias que ten este feito na súa vida persoal e moral.

VEB2.2.1. Describe o proceso de socialización e valora a súa importancia na interiorización individual dos valores e as normas morais que rexen a conduta da sociedade en que vive.

VEB2.2.3. Xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional, como medio indispensable para adecuar aos valores éticos universais establecidos na DUDH os costumes, as normas, os valores, etc., do seu medio, rexeitando todo o que atente contra a dignidade do humano e os seus dereitos fundamentais.

VEB2.3.1. Define os ámbitos da vida privada e a pública, así como o límite da liberdade humana, en ambos os casos.

VEB3.1.2. Acheга razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética.

VEB3.2.1. Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas.

VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e o concepto de persoa.

VEB3.4.1. Explica o que son os valores e as súas principais características, e aprecia a súa importancia na vida individual e colectiva das persoas.

4º ESO

VEB4.1.1. Fundamenta racionalmente e eticamente a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno, polo feito de incorporar nos seus principios os valores éticos sinalados na DUDH.

VEB4.1.3. Describe o significado dos seguintes conceptos e establece a relación entre eles: democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc.

VEB4.1.4. Explica a división de poderes proposta por Montesquieu e a función que desempeñan o poder lexislativo, o executivo e o xudicial no Estado democrático, como instrumento para evitar o monopolio do poder político e como medio que permite aos cidadáns e ás cidadás o control do Estado.

VEB4.2.2. Define a magnitude dalgúns dos riscos que existen nos gobernos democráticos cando non se respectan os valores éticos da DUDH (dexeneración en demagogía, ditadura das maiorías, escasa participación cidadá, etc.) e formula posibles medidas para evitalos.



VEB4.5.3. Achega razóns para xustificar a importancia que ten, para o bo funcionamento da democracia, o feito de que os cidadáns as cidadás sexan conscientes non só dos seus dereitos, senón tamén das súas obrigas como un deber cívico, xurídico e ético.

VEB5.1.1. Busca e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, semellanzas e vínculos existentes entre a Ética e o Dereito, e entre a legalidade e a lexitimidade, elaborando e presentando conclusións fundamentadas.

VEB5.2.1. Elabora en grupo unha presentación con soporte dixital sobre a teoría iusnaturalista do dereito, o seu obxectivo e as súas características, identificando na teoría de Locke un exemplo desta no que se refire á orixe das leis xurídicas, a súa validez e as funcións que lle atribúe ao Estado.

VEB5.2.3. Analiza información sobre o positivismo xurídico de Kelsen, nomeadamente no relativo á validez das normas e dos criterios que utiliza, especialmente o de eficacia, e a relación que establece entre a ética e o dereito.

VEB5.2.4. Recorre ao espírito emprendedor e á iniciativa persoal para elaborar unha presentación con medios informáticos, en colaboración co grupo, comparando as tres teorías do dereito e explicando as súas conclusións

VEB5.3.1. Explica a función da DUDH como un código ético recoñecido polos países integrantes da ONU, coa finalidade de promover a xustiza, a igualdade e a paz en todo o mundo.

VEB5.4.1. Constrúe un esquema sobre a estrutura da DUDH, que se compón dun preámbulo e 30 artigos que poden clasificarse da seguinte maneira:

-Os artigos 1 e 2 refírense aos dereitos inherentes a todas as persoas: a liberdade, a igualdade, a fraternidade e a non-discriminación. Os artigos do 3 ao 11 refírense aos dereitos individuais.

-Os artigos do 12 ao 17 establecen os dereitos do individuo en relación coa comunidade.

-Os artigos do 18 ao 21 sinalan os dereitos e as liberdades políticas.

-Os artigos do 22 ao 27 céntranse nos dereitos económicos, sociais e culturais.

Finalmente, os artigos do 28 ao 30 refírense á interpretación de todos eles, ás condicións necesarias para o seu exercicio e aos seus límites.

VEB6.1.2. Diserta, colaborando en grupo, sobre a idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu medio, e elabora e expón conclusións.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

É unha metodoloxía que pretende lograr a máxima participación e interese do alumnado tanto á hora de obter a información básica a partir da lectura de textos, utilización de internet como a hora de aplicar esa información nun exercicio crítico de racionalidade a situacións da vida cotiá para a construción dunha cidadanía responsable.

Cada unidade comezará con unhas cuestións introdutorias, que leven consigo unha reflexión sobre os coñecementos previos que ten o alumnado procedentes doutras materias ou recibidas pola tradición. A continuación o profesor impartirá información coa axuda da lectura de textos de breve extensión, que poñen o alumno en relación coa forma de expresión dos filósofos. Logo terá lugar a elaboración de definicións dos conceptos esenciais e unhas referencias da ampliación dalgúns contidos concretos.

As unidades cerraranse sempre con unha síntese con insistencia nos conceptos e teorías máis relevantes. Acompañase sempre cun conxunto de actividades, tamén de carácter final, cuxa resposta permite valorar o coñecemento que os alumnos obtiveron tras estudar a unidade na súa totalidade. Entre estes exercicios finais hai actividades individuais e actividades colectivas, así como a invitación a elaborar breves ensaios filosóficos.

A metodoloxía que vai a utilizar o departamento nas distintas asignaturas que imparte basease nos seguintes criterios:

a) **Conceder importancia á motivación do alumnado.** Utilizando unha metodoloxía activa e participativa, na que se conceda importancia á actividade persoal do alumnado, suscitando e favorecendo o exercicio de súas facultades e de súas capacidades. Isto contribúe a un aprendizaxe máis significativo e, a vez, máis dinámico. Para conseguir isto vanse a conectar os contidos das materias cos intereses e a vida real dos estudantes- por exemplo usando as noticias dos medios de comunicación.

b) **Aplicar estratexias de indagación.** A recollida de información e súa posterior clasificación e organización constitúen un medio moi adecuado para a aprendizaxe significativo nesta etapa, pois estas estratexias poñen ao alumno ante feitos, en certo modo, problemáticos, sobre os cales deben aplicarse reflexivamente os conceptos, os procedementos e as competencias que o profesor teña previsto.

c) **O traballo en grupos grandes e pequenos** ofrece posibilidades de participación efectiva de todos, favorece o intercambio de ideas, a motivación e o feito de que uns aprendan de outros. En ocasións, os grupos se poden



organizar como equipos estables; outras veces se poden crear mediante cualquier outro sistema de agrupación sinxela e funcional.

d) **Atender ao feito de que os alumnos e alumnas son diferentes entre sí.** No proceso educativo débese procurar que cada estudante acadese seu máximo desenvolvemento persoal e exercite súas capacidades adaptando as ensinanzas e as actividades ás posibilidades, necesidades e intereses de cada un. Para iso vaise programar o traballo individual así cada un desenvolverá súas capacidades e seguirá o ritmo de aprendizaxe que se mellor se adecue ás súas circunstancias persoais.

e) **Empregar diversas técnicas de ensinanza (pluralismo metodolóxico).** Xa que os alumnos aprenden mellor cando o profesor emprega diversas técnicas de ensinanza e aprendizaxe, e as combina axeitadamente: unhas veces, haberá unha breve explicación do profesor; outras, a reflexión e o diálogo a partir da lectura dun texto; a valoración crítica de determinados feitos con unha dimensión ética; o xuízo sobre informacións que aparecen nos medios de comunicación; un debate ou unha mesa redonda; etcétera.

f) **Introducir aos alumnos na técnica do comentario de textos.** Se ha de iniciar no coñecemento e no aprendizaxe sistemático desta técnica, recoñecida como unha das principais do traballo intelectual e, especificamente, da reflexión filosófica. É convinte que o alumnado se familiarice co análise, o comentario e a valoración crítica de textos. Ante todo, preténdese que os estudantes sexan capaces de comprender e assimilar a linguaxe filosófica, así como a terminoloxía usada durante séculos. Para elo, se preguntará polo sentido e a interpretación do pensamento do autor: trátase de comprobar que, con axuda da información que asimilaron, poden localizar as ideas e situalas no contexto do tema que se estuda. Ademais, fomentárase o espírito crítico: o alumno aprenderá a valorar os textos, razoando axeitadamente con argumentos filosóficos. A comparación entre textos de distintos filósofos e de diversas posturas axudará a que o alumno sepa discernir unhas correntes de pensamento de outras, mida os pros e os contras, e saque súas propias conclusións tras sopesar os argumentos. Tamén preténdese que sexa capaz de darse conta (e de manifestar lo) de cómo una visión xusta de un tema pode, sin embargo, ser parcial se non se ten en conta outros aspectos do problema que se trata. De este modo, preténdese estimular e valorar a súa capacidade de análise e de síntese.

g) **Utilizar a técnica do video fórum.** O uso do cine nas clases de Filosofía (*e de educación em valores*) cos alumnos de Bacharelato é un método de gran eficacia educativa humana e cultural. Actualmente, non se pode educar sin contar coos medios audiovisuais. Hai películas e documentais sobre temas de clara dimensión moral ou antropolóxica, e que son un medio excelente para informar e para formar aos alumnos, desenvolvendo neles unha serie de capacidades de gran valor educativo: observar; facer pensar; desenvolver a sensibilidade; educar actitudes; poñelos en situación de valorar éticamente, con sentido crítico, situacións e conductas, etcétera.

h) **Aplicar o método da disertación.** A exposición dun tema ou o desenvolvemento dunhos argumentos sobre unha cuestión concreta, son formas eficaces de comprobar ata que punto os alumnos son capaces de buscar, ordear, assimilar e transmitir información. Permite, asimesmo, valorar se estudan críticamente a información recibida, se se plantexan problemas reais e concretos, e se os resolven dun modo persoal e creativo.



i) **Empregar a práctica do debate e a súa participación nel mediante a exposición razoada e argumentada do pensamento propio.** Esta técnica permitirá que os alumnos e alumnas aporten as súas propias reflexións e as relacionen con outras posicións previamente estudadas. Ademais, aprenderán a construír e a enriquecer as súas propias opinións, traballando de forma activa e constructiva cos demais.

6. MATERIAIS, FERRAMENTAS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Materiais elaborados pola profesora.
- Prensa.
- Fragmentos dos libros seleccionados polas profesoras.
- Películas seleccionadas polas profesoras.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Para avaliar os estándares de aprendizaxe a través dos exercicios realizados no **caderno de clase 40%** traballos en grupo, exposicións orais, cuestionarios **50 %** se as seguintes **rúbricas e 10% comportamento e participación.**



Rúbricas 2º ESO na 1ª avaliación

Instrumento avaliación	Estándar de aprendizaxe	Escala de valor			
		Non adquirido 1	En proceso 2	Adquirido notable 3	Adquirido sobre.. 4
Caderno alumn. 40%	VEB1.1.1.				
	VEB.2.1.1.				
	VEB 3.1.1.				
	.VEB3.2.1.				

Rúbricas 2º ESO na 2ª avaliación

Instrumento avaliación	Estándar de aprendizaxe	Escala de valor			
		Non adquirido 1	En proceso 2	Adquirido notable 3	Adquirido sobre.. 4
Caderno alumn. 40%	VEB 3.5.1.				
	VEB 3.5.2.				
	VEB 3.5.4.				
	.VEB3.6.1.				

Rúbricas 2º ESO na 3ª avaliación

Instrumento avaliación	Estándar de aprendizaxe	Escala de valor			
		Non adquirido 1	En proceso 2	Adquirido notable 3	Adquirido sobre.. 4
Caderno alumn. 40%	VEB 3.8.3.				
	VEB 4.1.1.				
	VEB 5.1.1..				
	VEB 6.1.2.				



Rúbricas 4º ESO na 1ª avaliación

Instrumento avaliación	Estándar de aprendizaxe	Escala de valor			
		Non adquirido 1	En proceso 2	Adquirido notable 3	Adquirido sobre. 4
Caderno alumno 40%	VEB 1.1.1.				
	VEB 2.1.1				
	VEB 2.1.2				
	.VEB 2.2.1				

Rúbricas 4º ESO na 2ª avaliación

Instrumento avaliación	Estándar de aprendizaxe	Escala de valor			
		Non adquirido 1	En proceso 2	Adquirido notable 3	Adquirido sobre. 4
Caderno alumno 40%	VEB 3.3.1.				
	VEB 3.3.2.				
	VEB 3.3.3.				
	.VEB 3.4.1.				

Rúbricas 4º ESO na 3ª avaliación

Instrumento avaliación	Estándar de aprendizaxe	Escala de valor			
		Non adquirido 1	En proceso 2	Adquirido notable 3	Adquirido sobre. 4
Caderno alumno 40%	VEB 5.3.1.				
	VEB 5.3.3.				
	VEB 6.1.1..				
	.VEB 6.2.1.				



Rúbricas para ambos cursos 2º e 4º da ESO:

- **Traballos de razonamento 50%.**

Rúbrica sobre os traballos de razonamento 50%					
	Moi pouco ou nada	Pouco	Aceptable	Notable	Excelente
Argumenta e razoa as súas opinións con claridade e coherencia.					
Puntuación	De 0 a 1p	De 1,1 a 2p	De 2,1 a 3p	De 3,1p. a 4p	De 4,1 a5p

- **Caderno da profesora 10% Para avaliar usaranse as seguintes rúbricas. Faranse media entre todos os ítems e terá un valor do 10%:**

	Instrumento de avaliación	Escala de valor			
		Non adquirido 0	En proceso 0,5	Adquirido 1	Nota
Caderno profesora 10%	Cumprimento das indicacións do profesor.				
	Respecto do turno de palabra.				
	Participación na clase				
	Aproveitamento do tempo de traballo persoal				
	Traer o material de traballo.				
	Non faltas de asistencia inxustificadas				
	Coidado do material				



	persoal e da aula				
	Puntualidade e orde nas entradas e saídas da aula				

Recuperacións

De ser necesarias as probas de recuperación levaranse a cabo ao principio da seguinte avaliación. Valorarase aplicando unha escala de 0 a 10 puntos. Para aprobar, será necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos.



Avaliación ordinaria

A avaliación ordinaria de xuño será o resultado da media aritmética das notas obtidas nas avaliacións e terase en conta a evolución do alumno para redondear.

Avaliación extraordinaria

A avaliación extraordinaria de setembro consistirá nunha proba escrita tendo en conta os estándares de aprendizaxe. Valorarase aplicando unha escala de 0 a 10 puntos. Para aprobar, será necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos.

8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é continua. Os procedementos de avaliación serán a observación e seguimento sistemático do alumnado, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións que desenvolva, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais e debates, actividades de clase, investigacións, actitude ante a aprendizaxe e precisión na expresión.

E os instrumentos de avaliación serán:

- 1- Caderno do alumnado: 40% da nota
- 2- Traballos de razonamento: 50% da nota
- 3- Comportamento e participación: 10% da nota.

10-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Escala de valor ou rango	Explicación	
Excelente	5	Evidéncianse prácticas excepcionais, modelos de referencia e boas prácticas
Moi ben	4	Evidéncianse prácticas sólidas. Competencia alta no indicador establecido
Adecuado	3	Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido.
Pouco adecuado	2	Omitense elementos fundamentais do indicador establecido.
Inadecuado	1	Non se alcanzan os mínimos aceptables e necesita unha mellora sustancial



Aspectos susceptibles de análise	Avaliación					Propostas de mellora
	1	2	3	4	5	
Organizáronse e secuenciáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación ás distintas unidades de programación.						
Definíronse os indi de logro vinculados aos estándares de aprendizaxe.						
Determináronse os estándares de aprendizaxe imprescindibles						
Asociáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis, os instrumentos de avaliación e indicadores de logro						
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación ao alumnado vinculados aos estándares de aprendizaxe						
Presentáronse desde a área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita						
Incorporáronse as TIC aos procesos de ensinanza e aprendizaxe.						
Aplicouse a metodoloxía didáctica acordada polodepartamento						
Relacionáronse procedementos e instrumentos de avaliación						
Houbo coordinación entre o equipo didáctico						
Houbo coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas						
Houbo un preciso dos temas transversais nas diferentes unidades de programación						

11. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

De haber alumnado coa materia pendente se procederá do seguinte xeito: Para recuperar a materia o departamento dividiu a materia en dúas partes elaborando un caderno de exercicios para cada unha delas. O alumno deberá entregar os cadernos catro días antes da data fixada polo centro para as sesións de avaliación de pendentes.

Se non acada o aprobado terá outra posibilidade de entregar todos os exercicios para a avaliación final de maio.

12. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS

Como actividades de detección de coñecementos previos suxerimos:

- Debate e actividades pregunta-resposta sobre un tema introducido polo profesor-a, co fin de facilitar unha idea precisa sobre onde se parte.

Nas Avaliacións Iniciais valoraremos os coñecementos previos que se teñen sobre cada un dos aspectos avaliados antes de iniciar un tema ou unidade didáctica valorando se: son suficientes, se deben mellorar ou se descoñecen.

13. PLAN DE ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN



Seguindo as instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, relativas á Orde do 27 de decembro de 2022 que modifica a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 na que se modifica a avaliación do alumnado da ESO, ao establecer que a sesión da terceira avaliación parcial e de avaliación final deste alumnado deberá realizarse conxuntamente a partir do día 22 de xuño de 2023, o Departamento de Filosofía do IES Terra de Trasancos decide que:

- A cualificación final do alumnado da ESO será o resultado da media proporcionada entre as cualificacións acadadas nas tres avaliacións parciais realizadas durante o curso (incluíndo as obtidas nas respectivas recuperacións). Esta proporción pode variar dependendo da complexidade da materia dada no trimestre (dificultade ou cantidade).
- No caso do alumnado que suspenda a media das postres avaliacións levarase a cabo un exame final extraordinario ambos niveis da ESO nas últimas semanas de curso.

14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Dados os contidos desta materia os alumnos con necesidades especiais realizarán os mesmos exercicios que os demais pero, a hora da avaliación se terán en conta súas posibilidades á hora de expresalas verbalmente ou por escrito.



15. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Fomentar: a igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero, tolerancia, solidariedade, equidade, xustiza, responsabilidade persoal, resolución pacífica de conflitos, confianza en sí mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, espírito emprendedor, vida saudable, desenvolvemento sostible, educación vial, racismo e xenofobia, respecto aos Dereitos Humanos.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ver Plan Anual de AACCEE.

17. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS

Seguiranse os mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Ver Plan Lector.

19. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Ver Plan TIC.